

## NOTA DE PRENSA

### **A Casa de la Troya organizará, a partir deste venres, visitas culturais teatralizadas polo centro histórico de Santiago todos os venres de maio e xuño**

**Esta semana realizarase unha ruta cantada gratuíta que partirá da estatua de Rosalía de Castro na Alameda ás 20:30 horas**

---

*Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019 (Vía Láctea Comunicación).*- O Museo Casa de la Troya inicia este venres, 10 de maio, a actividade dos *Venres Troyanos*, que se poñía en marcha hai dous anos con grande éxito entre público de todas as idades. Vaise desenvolver, a partir desta semana, todos os venres de maio e xuño.

“Trátase de roteiros culturais teatralizados por diferentes rúas e prazas do casco antigo de Compostela, co fin de achegar aos participantes, de maneira amena e divertida, os feitos históricos relativos ao tempo no que transcorre a novela de Pérez Lugín *La Casa de la Troya*” -explica **Benigno Amor**, presidente da Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos, entidade que xestiona o museo-.

Estes roteiros dramatizados pola cidade histórica, realizados en colaboración co Concello de Santiago, partirán dende a praza do Toural e rematarán diante da Casa de la Troya. A duración aproximada do percorrido será de unha hora e media, dende as 20:30 ata as 22:00 horas. O número máximo de participantes por cada visita será de 15 e ten un custo de 2 € por persoa, 1 € para os rapaces de 10 a 14 anos e para os menores de 10 anos será gratis. A inscrición para poder participar nesta experiencia pode facerse chamando ao teléfono do museo (**981 585 159**).

#### **Dous roteiros gratuítos**

Haberá dous roteiros gratuítos. O primeiro será este mesmo venres, 10 de maio, cunha ruta cantada que partirá da estatua de Rosalía de Castro na Alameda, tamén ás 20:30 horas. A ruta estará acompañada da música de “Troyanos de Compostela”, grupo musical vencellado á Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos e ao propio museo. Esta agrupación musical naceu cos obxectivos de investigar e divulgar a música que tocaban as tunas en Santiago a finais do século XIX e comezos do XX (época da novela), ademais de dar a coñecer a figura e a obra de diversos compositores galegos dese tempo.

O 17 de maio, con motivo do Día das Letras Galegas, terá lugar un paseo rosaliano pola Compostela da novela *La Casa de la Troya*, que comezará ás 12:00 h na praza do Toural.

#### **O guía estará caracterizado como o estudante Barcala da novela de Lugín**

Nesta actividade búscase combinar a información cultural e histórica co humor. O guía caracterizarase como un personaxe da novela de Pérez Lugín e vencellará os lugares que se visiten coa trama do libro. Trátase de **Suso Martínez**, historiador, guía turístico, divulgador e actor especializado na historia de Galicia, que leva máis dunha década realizando visitas guiadas dramatizadas. Fará a ruta caracterizado como o personaxe de Barcala, que “representa ao estudante troiano” -tal como indican dende o museo-.